

PROXECTO MINEIRO DE CORCOESTO

UNHA MINA DE FUTURO PARA TODOS



EXPLOTACIÓN

Onde está o ouro?


O ouro do xacemento de Corcoesto, en Cabana de Bergantiños (A Coruña), está diseminado de xeito microscópico en filóns ou vetas de cuarzo xunto con arsenopirita. Os xeólogos estudan as vetas a través de sondaxes que permiten coñecer a forma do xacemento e a cantidade de ouro existente.

Como se extrae a rocha?

O mineral extráese con escavadoras e lévase ás instalacións de tratamento, onde se somete a diversos procesos para separar o ouro: gravidade, flotación, lixiviación e elución. Obtense así un lodo moi rico en ouro que se funde para ter os lingotes.

Un dos procesos inclúe o uso de cianuro sódico diluído en auga. Parte deste líquido, unha vez utilizado, retórnase ao circuíto e o resto sométese á destoxificación, na que se

As prospeccións feitas ata o momento por Mineira de Corcoesto S.L indican que o xacemento está aberto en profundidade, polo que probablemente poderá continuarse no futuro a explotación tamén por interior, a través de galerías"




destrúe o cianuro, antes do seu envío á balsa de estériles.

A balsa está impermeabilizada para conter os residuos sen riscos de fugas. Antes da súa construción, fanse estudos xeotécnicos, xeolóxicos, sísmicos e hidroxolóxicos que garanten a súa estabilidade e seguridade.

Pese ao alarmismo xerado pola utilización de cianuro nunha parte do proceso de obtención do ouro (en tanques metálicos pechados), cómpre subliñar que hoxe en día non existe unha alternativa mellor para a disolución de ouro, tal e como se recolle no documento europeo sobre mellores técnicas dispoñibles na industria extractiva.

OPERACIÓNS MINEIRAS QUE UTILIZAN CIANURO EN EUROPA




PROXECTOS MINEIROS EN TRAMITACIÓN EN EUROPA QUE INCLÚEN O USO DE CIANURO



PROXECTO MINEIRO DE CORCOESTO

Para que se usa o ouro?

Ademais de como diñeiro e en xoiaría, utilízase tamén en industria (illantes), informática, medicina, odontoloxía, telefonía, compoñentes electrónicos, cristalería, fotografía, cibernáutica e nanotecnoloxía para o tratamento de cancro, asma, lepra, sífilis, tuberculose, próstata... Instrumentos de uso cotiá tamén conteñen ouro, como é o caso dos teléfonos móbiles ou os ordenadores.



O proxecto mineiro de Corcoesto é a ceo aberto. Prevé catro cortas que se realizarán en diferentes fases, mantendo sempre as máximas garantías ambientais. A duración mínima estimada para a futura mina é de 11 anos, nos que se compatibilizará a explotación coa progresiva restauración.


As instalacións previstas inclúen unha área de tratamento na que se realizarán os seguintes procesos:


- **TRITURACIÓN**
- **MOENDA**
- **GRAVIMETRÍA**
- **FLOTACIÓN**
- **LIXIVIACIÓN**
- **RECUPERACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CIANURO**
- **RECUPERACIÓN DE OURO DO CARBÓN, ELECTRÓLISE E FUSIÓN.**
- **PREPARACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE REACTIVOS.**

Tamén se construírán dúas balsas: unha para depósito de estériles de flotación e outra para os estériles de lixiviación, así como escombreyas para depósitos de estériles da mina.

A auga precisa para o tratamento do mineral rolda os 1.000 metros cúbicos ao día, que se obterán exclusivamente da chuva e das augas subterráneas que se retiran dos ocos mineiros. A auga vai sempre en circuito pechado, de xeito que o vertido ao medio é cero.

/// A duración mínima estimada para a futura mina é de 11 anos, dos que os primeiros 18 meses se destinarán aos labores preparatorios e á construción das infraestruturas necesarias; algo máis de 8 anos dedicaranse á explotación a ceo aberto; e entre un e dous anos á restauración final dos terreos e clausura da explotación a ceo aberto"





PROXECTO MINEIRO DE CORCOESTO

Antes de empezar a escavación retírase a terra vexetal e almacénase para poder revexetar unha vez rematada a explotación. Para evitar a transmisión do ruído e do po, créanse barreiras visuais con árbores. Trátase de afectar o mínimo a paisaxe.

PROXECTO MINEIRO DE CORCOESTO

Datos económicos

A posta en marcha da mina de Corcoesto repercutirá na mellora económica da zona coa xeración de 271 postos de traballo directos na mina e máis de 1.000 empregos indirectos, é dicir, aqueles que se xeran nas empresas locais para dar servizo á mina (talleres, hostalería...). Ademais, parte dos recursos económicos destinaranse a accións que melloren a calidade de vida dos habitantes da área mineira.

Mineira de Corcoesto terá que facer un investimento inicial de 110 millóns de euros, aos que hai que sumar 770.000 millóns de euros en gastos da vida da mina e máis de 5 millóns de euros en gastos de restauración dos terreos. O pago de impostos superará os 100 millóns de euros. Unha vez extraído, o ouro vaise vender directamente desde Cabana de Bergantiños, onde a empresa ten a súa sede fiscal e onde se imputarán todos os impostos

Restauración ambiental

O proxecto de restauración ten como obxectivo a mellora ambiental dos terreos en beneficio da poboación da zona. A explotación realizarase mediante minaría de transferencia, que consiste en encher un oco mineiro co estéril que se saca do seguinte oco. Isto permite unha restauración progresiva. O último oco, ou corta, quedará como lago, ao subir de xeito natural o nivel das augas subterráneas cando remate a explotación. A restauración dos terreos está garantida grazas aos avais que debe depositar a empresa antes de comezar a explotación.

“Está prevista unha reforestación con especies autóctonas e a creación de zonas de pasto ou outras plantacións que contribúan a xerar riqueza. Coa formación da lagoa, preténdese potenciar a biodiversidade e a creación de hábitats favorables para especies ameazadas.”



MINEIRA DE CORCOESTO S.L- EDGEWATER

Mineira de Corcoesto S.L é unha empresa con sede e domicilio fiscal en Cabana de Bergantiños. Pertence a Edgewater, compañía canadense que cotiza na Bolsa de Toronto, un mercado específico para minaría e especialmente esixente en canto a garantías ambientais.

O equipo que dirixe Mineira de Corcoesto S.L suma unha ampla experiencia na posta en marcha de explotacións mineiras. Medio cento de persoas están traballando xa para o proxecto, sendo máis da metade de elas da zona, de acordo co compromiso da empresa de xerar emprego entre a poboación local.